

Exposición

REDES DO PAÍS



DATAS do 4 de marzo ao 3 de setembro de 2023

LUGAR Fundación Luis Seoane, A Coruña

PRODUCCIÓN Fundación Luis Seoane

COMISARIO Manuel Olveira

Redes do país é o título dunha exposición que recolle os traballos elaborados dentro do proxecto *Collaborative Village Play*, unha iniciativa desenvolvida en localidades rurais de Hungría, Alemaña e Galicia pola artista alemá Antje Schiffers, cofundadora do colectivo Myvillages, e a dramaturga e comisaria húngara Katalin Erdödi.

Antecedentes da exposición

No ano 2021 nace *Collaborative Village Play*, un proxecto cuxo obxectivo é levar a cabo en diferentes localidades rurais de Europa unha creación artística colectiva na que conflúan os puntos de vista, as formas de vida e o relato directo dos seus habitantes. Os traballos, as tradicións, as festas e celebracións, con especial atención aos xeitos de produción locais, protagonizan unha proposta que busca o recoñecemento e a

supervivencia dun legado produtivo e cultural que constituíu durante séculos a base económica e social de gran parte do territorio europeo, e que tras o abandono progresivo do campo desde os anos 50, loita por evitar a súa desaparición e reivindicar o seu legado.

O primeiro evento de *Collaborative Village Play*, que tivo lugar en Nagykaromás, un pobo do sureste de Hungría, foi bautizado polos veciños como *Dinnyeköztársaság* (República sandía), en referencia ao cultivo principal da localidade e á loita dos pequenos agricultores contra a corrupción política. O obxectivo deste e do resto de experiencias do proxecto foi realizar unha obra de arte colectiva cos seus habitantes, utilizando a cultura local e os traballos tradicionais, algo moi pouco frecuente na arte contemporánea, que adoita partir dunha perspectiva urbana que abeira as manifestacións culturais rurais e tradicionais.

No 2022, o proxecto trasladouse a Bostelwiebeck, na Baixa Saxonia, en Alemania. *Alte Bäume werfen Schatten* (As árbores vellas fan sombra) fai referencia á importancia que as granxas e a súa continuidade teñen para os veciños deste pobo e dos arredores, que crearon colectivamente unha obra para falar da realidade actual e dos retos do futuro para a agricultura tradicional baseada en explotacións familiares.

O canto da subasta, que tamén tivo lugar en 2022, é o último evento de *Collaborative Village Play* ata este momento. A localidade de Porto do Son, unha vila mariñeira situada na costa galega, acolleu durante varios meses diferentes actividades relacionadas coa cultura do mar e da pesca, recurso fundamental ao redor do que xira directa ou indirectamente a vida dos seus habitantes. O resultado foi unha obra colectiva titulada *O canto da subasta*, inspirada na maneira tradicional de subastar o peixe, que incluía diversas manifestacións culturais da zona e que se presentou o 15 de outubro de 2022 na lonxa da Confraría de Pescadores do pobo.

A exposición na Fundación Luis Seoane

O título da mostra fai referencia a dous conceptos comúns aos tres proxectos: dun lado, “rede” como sinónimo de comunidade, de colaboración e traballo colectivo, e “país”, que fai alusión ao enclave xeográfico e ao sentimento de pertenza dos seus habitantes. O xestor cultural Manuel Olveira, que participou na intervención de Porto do Son, de onde é oriúndo, é o comisario do proxecto expositivo da Fundación Luis Seoane.

Redes do país reúne as obras e obxectos producidos durante os tres procesos, dispostos á súa vez en tres capítulos ou apartados. *O bo camiño* é o primeiro deles, unha expresión utilizada polo mariñeiro e comunicador Rogelio Santos en Porto Nadelas, un porto natural do lugar de Queiruga, en Porto do Son, para falar do futuro da pesca, afectada pola sobreexplotación, o abandono das artes tradicionais e a ausencia de relevo xeracional.

O segundo capítulo da mostra titúlase *A eso chámolle vivir*, frase coa que Carmen Carabel, veciña de Corme, sintetizou como a familia e a comunidade constrúense a través do traballo común, da transmisión de historias e dos cantos tradicionais que acompañan as alegrías e desgustos da vida. A cultura oral é unha das manifestacións comúns a toda a Europa rural, e unha das bases do proxecto.

Terceiro e último capítulo de *Redes do país, Sabemos cooperar* é a resposta coa que Emilio Queiruga, patrón maior da Confraría de Pescadores de Porto do Son, accedía a que o espazo da lonxa acollese a “performance” dos veciños. A preservación do medio e das tradicións rurais a través da colaboración como motores dun desenvolvemento económico sostible que permita a pervivencia do sector primario, foi unha das cuestións presentes durante o proceso de *O canto da subasta*, o mesmo que nos dous primeiros eventos celebrados en Hungría e Alemaña.

Ademais das obras, obxectos e materiais empregados nas tres experiencias, a exposición inclúe documentación audiovisual -vídeos, arquivos de audio e fotografías- que permiten seguir as diferentes aportacións dos veciños a través dos testemuños directos e do relato dun proxecto que outorga voz propia e entidade como suxeito político a unhas estruturas poboacionais historicamente apartadas en aparencia do debate económico e social, artístico, creativo e intelectual.

Tanto o proxecto *Collaborative Village Play* como a exposición *Redes do país* foron posibles grazas á colaboración de veciños, traballadores, institucións e axentes culturais locais dos pobos nos que se traballou colaborativamente, e tamén grazas ao apoio da Fundación Cultural Allianz e Instituto Goethe, así como a contribución de Gadis.

Biografías

Antje Schiffers (Heiligendorf, Alemaña, 1967) Licenciada en Belas Artes, axiña comezou a traballar de forma colectiva con outros artistas. Con Wapke Feenstra e Kathrin Böhm fundou Myvillages en 2003, una plataforma internacional centrada nas ruralidades europeas que estivo presente, por exemplo, na última documenta de Kassel. Traballou con artesáns, agricultores ou gandeiros de lugares como México ou Kazajstán, aínda que a maioría das súas producións son en Europa. A súa práctica artística inclúe murais, debuxos, vídeos e instalacións que tratan aspectos fundamentais no panorama da arte contemporánea: a relación entre arte popular e contemporánea, entre autóctono e alóctono ou entre o agro e a cidade. O seu interese no mundo rural levouna a producir proxectos específicos en moitos lugares de Europa e a expoñelos en importantes institucións como a Whitechapel de Londres, a Seccesio de Viena ou a Hamburger Bahnhof de Berlín. En España ten colaborado con Campo adentro, o CAAC de Sevilla e o MUSAC de León.

Manuel Oliveira (Porto do Son, España, 1964) licenciouse en Historia da arte (Santiago) e Belas Artes (Barcelona). Foi director de Hangar (Barcelona, 2001-2005), CGAC (Santiago de Compostela, 2005-2009), Centro Ágora (A Coruña, 2010-2011) e

MUSAC (León, 2013-2021). Comisario de exposicións e, sobre todo de proxectos procesuais e experimentais como *Lost in Sound* (CGAC, 1999-2000), *Processos Oberts* (Hangar, 2004-2005), *proxectoEdición* (CGAC, 2006-2009) ou *Conferencia performativa* (MUSAC, 2013-2014). Crítico da arte e escritor, ten abordado individualmente a obra de Luis Camnitzer (MUSAC, 2019) ou Hessie (MUSAC, 2020). Publicou o proxecto editorial *Complot* (Hangar, 2004), o libro de entrevistas *Entre-vista* (CGAC, 2008) e os ensaios *Conferencia performativa* (This side up, 2014), *Cómo vivir con la memoria* (Puente editores, 2018) e *Habla del cuerpo social* (Brumaria, 2022). É tamen autor da novela *Todo el tiempo del mundo* (Libros de Rocamadour, 2014) e do libro de poesía *Muero todos los días 2013-2021* (Eolas ediciones, 2021).

Katalin Erdődi (Debrecen, Hungría, 1980) fixo estudos de postgrado en Comisariado e Investigación Artística en Viena, (Austria), Zurich (Suiza) e Santiago de Compostela (España). É comisaria independente, dramaturga e escenógrafa con sede en Viena e Budapest. Traballa en distintas disciplinas entre as artes visuais e as artes vivas, cun enfoque na arte socialmente comprometida, nas prácticas performativas experimentais e nas intervencións artísticas no espazo público. Realiza proxectos en diferentes formatos, dende a performance pasando pola produción de exposicións até pezas específicas *in situ*, orientadas a explorar as posibilidades da arte como práctica social e como unha ferramenta para a produción de coñecemento. Ten traballado en institucións de arte moi importantes como comisaria/programadora como, por exemplo, no festival ao *brut/imagetanz* (Viena), Museo de Arte Contemporánea (Leipzig), Museo Ludwig (Budapest) ou Trafó House of Contemporary Arts (Budapest). Actualmente é a co-comisaria da edición 2024 da bienal *Matter of Art* (Praga).

Para máis información, entrevistas e solicitude de imaxes:

Emma Fernández Castro

Correo: emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

Teléfono: 981 216 015